



30 de agosto de 2019

Autobús a Santiago

Como en anos anteriores preténdese continuar co servizo de Autobuses a Santiago de Compostela para os fillos de Médicos que veñen cursando os seus estudos na Universidade de Santiago.

Co obxecto de poñer en marcha o servizo, pregámoste que si estás interesado, envíes -coa máxima urxencia- a solicitude que adxuntamos, debidamente cuberta e asinada, acompañada de:

- Unha fotografía tipo carné do/s fillo/s que utilizara/n o servizo.
- Xustificante de matrícula do/s curso/s universitarios que realiza/n.

Como de costume, o horario do autobús será o seguinte:

Domingo: Vigo-Pontevedra-Santiago

Saidas de Vigo: C/. Arenal (frente o Rectorado) - 20,15 horas
C/. Pza. España - 20,30 horas
Saida Pontevedra: c/. San Roque (Capela) - 21,00 horas

Con paradas en Santiago: Campus Norte (Facultade de Económicas)
C/. Galeras (Antigo Hospital)
Campus Sur (Estrada de Noia. Parada bus preto do Gran Hotel)
Residencia Marquesina – Militar E. General Barroso

Venres: Santiago-Pontevedra-Vigo

Saidas de Santiago: Residencia Marquesina – Militar E. General Barroso -16,30 horas
Campus Sur (Ctra. Noia. Parada bus preto do Gran Hotel) -16,35 horas
C/. Galeras (Antigo Hospital) -16,40 horas
Campus Norte (Facultade de Económicas) -16,45 horas

Con paradas en Pontevedra e Vigo nos puntos xa descritos.

Este ano, o comenzo do servizo será o **próximo día 15 de setembro**, e interrómperase nas datas habituais de vacacións (Nadal, Semana Santa) ou festivos, o que se anunciará oportunamente no propio autobús.

OUTRAS UNIVERSIDADES

Así mesmo, aos **colexiados cuxos fillos cursen estudos universitarios noutra localidade distinta da residencia que consta na nosa base de datos, ou que pola súa dirección sexalles imposible a utilización do servizo de autobús, concederáselle unha axuda económica**. Por iso, se te encontras nesta situación, te rogo nos envíes igualmente o xustificante de matrícula do curso que realiza xunto coa solicitude cuberta. **NON SE CONCEDERÁ AXUDA AOS FILLOS QUE ESTUDEN NO MESMO MUNICIPIO CA RESIDENCIA DO COLEXIADO. (O prazo para solicitar a devandita axuda finaliza o 5 de xuño de 2019).**



f/. Isidro J. Lago Barreiro
PRESIDENTE.

f/. Pedro Silva Arochena
SECRETARIO XERAL.

NOTA IMPORTANTE: Non se permitirá a utilización do servizo do autobús aos interesados que non presenten o **CARNÉ IDENTIFICADOR QUE EXPIDE ESTE COLEXIO**. Para evitar malos entendidos coas posteriores reclamacións e molestias, prégoche informes claramente os teus fillos desta circunstancia.